



Visita a Guimarães

'O Patrimonio histórico e o Medio natural'

20 e 21 de agosto 2022

PROGRAMA

Sábado 20

9h. **Partida.** O punto de encontro será Valença de Minho.

11h **Paseo "Verde da Marginal"**

Paseo circular.

Lonxitude, 4,5km.

Dificultade, baixa

O seu interese paisaxístico, botánico e cultural é elevado. Polo río Vizela, en poucos quilómetros, as aromáticas irrompen no camiño e fan a súa aparición a cidreira e o tormentelo; tamén a menta de auga, xunto das espadanas, nas augas pouco fondas. Na outra banda, carballos de gran porte sulcados por ferverzas conforman un fermoso bosque que morre nas beiras das augas do Vizela.

En Repulo, púlsase o traballo do rural. O millo e as barrosás son o sustento; as cortes e a eira en bo estado, os canastros en uso, os emparrados da viña entre as pequenas casas de granito. Para gozarmos..

14h **Descanso. Praia fluvial de Queimadela.**

16h **Visita á Citânia de Briteiros** (Sociedade Martins Sarmento)

O seu urbanismo, arquitectura, dimensión e estado de conservación fan del unha referencia dos castros do noroeste peninsular.

Nun agradábel percorrido de 1,5km pola citania, entre carballos e sobreiras, unha arqueóloga da Sociedade Martins Sarmento debullará a cultura castrexa a través do seu urbanismo, arquitectura, medio natural (landras de sobreira e carballo), agro (trigo, cebada, liño, millo miúdo) e gandaría (bovina, caprina, ovina).

18h **Hospedaxe e descanso**

21,30h **Cea**

Domingo, 21

11h **Visita ao Museu Arqueolóxico Martins Sarmento**

No belo claustro de San Domingos (S.XV) aséntase o Museu Arqueolóxico cunha gran colección de arqueoloxía pre e protohistórica que o converten nunha das grandes referencias portuguesas do seu espazo.

13h. **Paseo "Campo de Ataca"**

Paseo linear

Lonxitude, 7km

Dificultade, baixa

Interese histórico e paisaxístico. Nesta ruta, salientamos varios tramos cos "viñedos de enforcado" que, sustentados nos choupos negros, impactan coa súa peculiar estrutura no medio rural; aparecen os campos cultivados con liño, practicamente unha rareza, e un pracer, velos. Mais, ao cabo da ruta, chega o reclamo que lle dá o nome, o Campo de Ataca. Alí iniciase a batalla de San Mamede entre a nobreza portuguesa e a galega...e chega a independencia de Portugal.

17h **Remate**